# boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº31 ABRIL 2006



cesg

Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

# II XORNADAS SOBRE XERONTOLOXÍA E EDUCACIÓN SOCIAL
# GRUPO DE ESTUDOS E INTERVENCIÓN XERAGÓXICA
# DO COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA
# VIGO, 3 DE MARZO DE 2006

O pasado venres 3 de marzo o Colexio de Educadores Sociais de Galicia celebrou en Vigo as II Xornadas de Xerontoloxía e Educación Social...

Organizadas polo Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do CESG, en colaboración con Caixa Galicia, este espazo pretendía servir de punto de encontro para todos aqueles que, como colectivo profesional, quixeran:

- Reflexionar acerca das novas necesidades e demandas que, respecto ao incremento da esperanza de vida, presenta a sociedade en xeral e as persoas maiores en particular.
- Coñecer novas experiencias profesionais de intervención socioeducativa en distintos recursos de atención xerontolóxica.
- Participar no deseño e construción do discurso e das liñas de acción propias da Educación Social no traballo con persoas maiores.

As Xornadas leváronse a cabo na Aula Sociocultural de Caixa Galicia de Vigo e o programa das mesmas resultou do máis variado e interesante...

Ás 11 da mañá, inauguráronse as Xornadas coa asistencia de Alberto Fernández Sanmamed, Presidente do CESG; José Manuel Fernández Fernández, Director Territorial de Caixa Galicia de Pontevedra; Lucía Molares Pérez, Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e Anxo Quintana González, Vicepresidente da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, que nos ofreceu un discurso moi alentador do futuro das necesidades das persoas maiores en xeral, e da Educación Social no traballo con este colectivo en particular.

Posteriormente, firmouse un convenio de colaboración entre o Colexio de Educadores Sociais de Galicia e a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, a través dos seus representantes Alberto Fernández polo CESG e Miguel Ángel Vázquez pola SGXX.

A continuación, deuse paso á conferencia "O Educador Social en Xerontoloxía. Perspectivas actuais", a cargo de Paloma Seijo Anca, vogal da área de Observatorio de Emprego do CESG e coordinadora do GEIX, que fixo un breve repaso histórico á figura do Educador Social no traballo con persoas maiores en Galicia, ademais de relatar cal é a situación cuantitativa e cualitativa deste profesional no ámbito da Xerontoloxía galega actual.

A media mañá, organizouse unha visita ao Centro Xerontolóxico Euxa Vigo, unha residencia de maiores de recente apertura, que incorpora no seu plantel de persoal unha educadora social.

A tarde comezou cunha mesa redonda titulada "O Educadores Sociais nos recursos de atención a persoas maiores", na que catro educadoras sociais nos contaron a súa interesante e rica experiencia de traballo en distintos recursos de atención xerontolóxica, desta maneira Mercedes González Vieitez, falounos do seu programa de intervención socioeducativa na Residencia Xeriátrica Alvi-Beade de Vigo, Ana Estévez Fernández, das distintas accións que desenvolve como coordinadora do Centro Municipal de Atención ao Maior do Concello de Narón, Raquel Ramos Rodríguez das actividades que leva a cabo como monitora do Club de Maiores da ONCE de Vigo e, por último, Rosa Gómez Fernández, explicounos as funcións que desenvolve como coordinadora do Servizo de Teleasistencia de Euxa Servicios Sociosanitarios S.L.

A última conferencia do día foi a exposta por Andrés Vázquez Piñeiro, xerente de Euxa Servicios Sociosanitarios S.L. que centrou a súa exposición “A Educación Social e a xestión da dependencia” na Educación Social e o Anteproxecto de Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, desenvolvendo unha envolvente dinámica de grupo cos alí asistentes.

E finalmente a clausura... Miguel Ángel Vázquez, profesor de Xeriatría da Universidade de Vigo, Juan José Castro, responsable do Programa de Maiores de Caixa Galicia e Paloma Seijo, cerraron as Xornadas recollendo un montón de propostas, suxestións e ideas para levar a cabo novas actividades e actuacións dende o CESG, polo tanto, grazas a todos/as os/as asistentes e participantes. A todos eles, así como aos que non puideron asistir, convidámolos a que estean presentes nas III Xornadas sobre Xerontoloxía e Educación Social, a celebrar proximamente na cidade de Lugo.

Paloma Mª Seijo Anca
Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Organización da presentación do Código Deontolóxico do Educador e a Educadora Social nas tres universidades galegas, a través da conferencia "Reflexión ética da Educación Social", a cargo de Dª Araceli Lázaro Aparicio e D. Iñaki Rodríguez Cueto, membros da comisión de Código Deontolóxico de ASEDES. Presentación en Santiago o 27 de marzo e na Coruña e Ourense o 3 de abril.
- ✓ Celebración da terceira convocatoria do Curso "O ditame pericial como medio de proba: a súa regulación legal", que tivo lugar o día 3 de abril en Santiago de Compostela.
- ✓ Organización e difusión da *Escola de Primavera*, que terá lugar os vindeiros días 19 e 20 de maio no Centro cívico de Monelos (A Coruña), baixo o título "Metodoloxías de Acción e Participación Socioeducativas"
- ✓ Colaboración e patrocinio na organización e difusión do "Curso de prevención de drogodependencias na escola: o papel das educadoras e educadores sociais", organizado polo colectivo Rueiros, que terán lugar os vindeiros días 9 e 10 de maio na facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense (Universidade de Vigo).
- ✓ Xestións para a participación no Congreso de Servizos Sociais Municipais (A Coruña, 3, 4 e 5 de maio), no que todos os colexios de Educadores e Educadoras Sociais do estado participarán mediante a disposición dun stand no que expoñerán materiais das súas entidades. A través do mesmo, preténdese dar a coñecer o labor deste profesional no ámbito da atención primaria.
- ✓ Envío de escrito o 4 de abril á entidade convocante dunha praza de "Educador Familiar" a través de cimoemprego o pasado mes de marzo, amosándolle o noso desacordo coas titulacións admitidas para o acceso ao posto, entre as que se atopaban outras distintas á de Educación Social.
- ✓ Audiencia o día 7 de abril co Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, D. Xosé Luís Méndez Romeu, co obxecto de presentarlle a situación real dos educadores e educadoras sociais en Galicia na actualidade, incidindo en tres temas: a necesidade de creación dunha categoría única de "Educador/a Social" no IV Convenio Colectivo Único de Persoal Laboral da Xunta de Galicia; a necesidade de inserción da figura profesional do Educador/a Social nos centros de ensino, e a necesidade de impulsar a creación do *Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales*.
- ✓ Audiencia o 18 de abril coa Secretaria Xeral do Benestar, Dona Mª Xesús Lago Vilaboa, co obxecto de presentarlle algunhas propostas nos ámbitos de traballo competentes da súa secretaría.
- ✓ Reclamación previa á vía xudicial laboral contra a Orde de 21 de febreiro de 2006 pola de se convoca proceso selectivo para o acceso a categorías correspondentes ao grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, publicadas no DOG nº 57 de data 22 de marzo de 2006 (promoción interna).
- ✓ Recurso de reposición contra a Orde de 21 de febreiro de 2006 pola de se convoca proceso selectivo para o acceso a categorías correspondentes ao grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, publicadas no DOG nº 57 de data 22 de marzo de 2006 (acceso libre).
- ✓ Recurso de reposición contra as bases reguladoras do proceso selectivo para cubrir en réxime laboral fixo unha praza de educador familiar incluída na oferta de emprego público de 2005 do Concello de Caldas de Reis, publicadas no BOP de Pontevedra nº 59 de data de 24 de marzo de 2006.

### NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG

- Revista d'Educació Social del CEESIB. Nº 4- 2005
- Revista "Espai Social", Nº 2 – II época. Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de la Comunitat Valenciana.
- Revista "Espai Social", Nº 1 – II época. Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de la Comunitat Valenciana.
- Xornal "EM. Entre Mayores. Hablamos de tí". Ano 6. Nº 56. Abril de 2006.
- Xornal "Acción. Obras sociales CAM". Febreiro de 2006. Caja de Ahorros del Mediterráneo.
- "Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil". Nº 143. Abril 2006. Xunta de Galicia.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 219. Abril 2006. ONCE.
- LIRIO CASTRO, J. (Coord.) (2005): *La metodología en Educación Social. Recorrido por diferentes ámbitos profesionales*. Madrid. Dykinson.
- SÁEZ CARRERAS, J. (2003): *La profesionalización de los educadores sociales. En busca de la competencia educativa cualificadora*. Madrid. Dykinson.
- GARCÍA MOLINA, J. (Coord.) (2003): *De nuevo, la Educación Social.* Madrid. Dykinson.

## AVISO SOBRE COMUNICACIÓNS

Dende o Colexio de Educadores Sociais de Galicia queremos ofrecer a posibilidade aos/ás colexiados/as de recibir toda a correspondencia procedente do CESG por medio de correo electrónico (coas excepcións da revista *Galeduso,* as convocatorias de asembleas, e outros envíos que se considere oportuno, que seguirán remitíndose en papel por correo postal ordinario)
Esta iniciativa vén impulsada pola solicitude explícita dalgúns colexiados/as, que recollemos e aceptamos, dado que pensamos que debemos adaptarnos ás posibilidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías. O uso do correo electrónico supón a vantaxe do aforro no custe económico do envío e do papel, contribuíndo tamén deste xeito á preservación do medio ambiente.
A solicitude pode presentarse xa neste momento, debendo cubrir a seguinte ficha e remitíndoa ao CESG. A correspondencia comezará a enviarse aos interesados por correo electrónico a partir do vindeiro semestre.

✂.........................................................................................................................................................................

Nome e apelidos:______________________________________________________________________

DNI:____________________ Teléfono de contacto:______________________ Núm. Colex.:__________

Enderezo de correo electrónico: ____________________________________________________________

☑ Solicito que toda a correspondencia que se me remita dende o Colexio de Educadores Sociais de Galicia sexa enviada á enderezo de correo electrónico indicado, que é do meu uso exclusivo e persoal.

Sinatura:

*Os datos facilitados pasarán a formar parte dun ficheiro declarado ante a Axencia Española de Protección de Datos. Este ficheiro ten como finalidade a xestión dos servizos ofrecidos aos Colexiados/as.*
*Ao suscribir este formulario vostede consinte o tratamento destes datos coa finalidade mencionada. Estes datos son veraces e exactos debendo comunicar calquera modificación dos mesmos ao Responsable do Ficheiro. Pode exercer os dereitos de acceso, oposición rectificación e cancelación mediante carta e axuntando a fotocopia do DNI na seguinte dirección COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA, Rúa Gómez Ulla, 7 – 3º 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).*

## FORMACIÓN CONTINUA

**CURSOS DE INTERVENCIÓN SOCIAL E EDUCATIVA** (A distancia)
**Organiza:** Xirxilar. Xestión formativa e cultural.
**Contido**: Cursos de formación nos ámbitos da intervención social e educativa e da animación sociocultural.
**Prezos**: Cursos de 30 h.: 45 €. Cursos de 100 h.: 90 €. Descontos ao matricularse en varios cursos ou ao matricularse varias persoas.
**Información**: Xirxilar. Xestión formativa e cultural.
Rúa Progreso nº 61 1ºB
32003 Ourense
Tel.: 988 223377
xirxilar@xirxilar.com
www.xirxilar.com

### FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

**ESCOLA DE PRIMAVERA: METODOLOXÍAS DE ACCIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIOEDUCATIVAS**
**Organiza:** Colexio de Educadores Sociais de Galicia (CESG)
**Lugar:** Centro cívico de Monelos (A Coruña)
**Datas:** 19 e 20 de maio.
**Prezo:** Colexiados/as, estudantes ou desempregados: 20 €. Outras situacións: 30 €.
**Información:** Colexio de Educadores Sociais de Galicia (CESG)
Tlf.: 981 552206 Fax: 981 938274
cesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

### FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

**I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL** (Cursos a distancia)
1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.)
**Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE**. (30 h. c/u)

| **Prezos das especialidades:** | 1 especialid. | 3 especialid. | Aplicaráselles un desconto do 10% aos/ás colexiados/as do CESG. |
|---|---|---|---|
| Soporte papel | 90 € | 200 € | |
| Soporte CD-ROM | 70 € | 150 € | |
| Soporte Web | 50 € | 100 € | |

2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.)
3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.)
4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLLEMENTOS** (125 h.)
5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.)
6) **CURSO DE MEDIACIÓN FAMILIAR E INTERXERACIONAL** (125 h.)
**Organiza**: I.S. Intervención Social

| **Prezo**: | Curso 1 (sen esp.) | Cursos 2, 3 e 4 | Curso 5 | Curso 6 |
|---|---|---|---|---|
| Soporte papel | 180 € | 240 € c/u | 200 € | 250 € |
| Soporte CD-ROM | 160 € | 220 € c/u | 180 € | 230 € |
| Soporte Web | 140 € | 200 € c/u | 150 € | 200 € |
| Aplicaráselles un desconto do 10% aos/as colexiados/as do CESG. | | | | |

**Información**: I.S. Intervención Social
C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.
Tel.: 954 933807 Fax: 954 933808
formacion@intervencionsocial.com www.intervencionsocial.com

## NOVAS DOS BOLETINS

### EMPREGO

**Concello de Caldas de Reis (Pontevedra):** Anuncio das bases de convocatoria dunha praza de Educador/a Familiar. (BOP de Pontevedra de 24 de marzo)
**Concello de Meaño (Pontevedra)**: Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Técnico/a Local de Emprego, unha praza de Educador/a Familiar, unha praza de Informador/a Xuvenil. (BOE de 31 de marzo)
**Concello de Narón (A Coruña):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Educador/a Social. (BOE de 31 de marzo)
**Concello de Tomiño (Pontevedra):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Informador Xuvenil. (BOE de 14 de abril)
**Concello de A Coruña:** Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Axente de Cultura. (BOE de 17 de abril)
**Concello de Lalín (Pontevedra):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Técnico en Cultura (BOE de 17 de abril)
**Concello de Ares (A Coruña):** Anuncio da oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Axente de Desenvolvemento Local. (BOE de 3 de abril)
**Deputación Provincial de Pontevedra:** Anuncio de ampliación da oferta de emprego público para o ano 2006. Unha praza de Técnico Especialista Educación Diurna. (BOP de Pontevedra de 20 de abril)
**Concello de Rianxo (A Coruña):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Educador Social. (BOE de 20 de abril)
**Concello de Málaga**: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Técnico Medio Educador. (BOE de 25 de abril)
**Concello de Alhaurín de la Torre (Málaga)**: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza Educador/a Social. (BOE de 27 de abril)
**Concello de Sada (A Coruña)**: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Director da Casa de Cultura. Unha praza de Axente de Desenvolvemento Local. Unha praza de Coordinador Centro Formación Ocupacional. Unha praza de Animador Sociocultural. Unha praza de Animador de Tempo Libre. (BOE de 18 de abril)

### OUTROS

**Consellería de Sanidade:** Orde pola que se regula o establecemento de subvencións para a realización de programas destinados a prestarlles atención aos enfermos con trastornos mentais graves persistentes nos dispositivos de apoio comunitario dependentes das asociacións de familiares de enfermos psíquicos e outras entidades sen ánimo de lucro. (DOG de 6 de abril)
**Consellería de Traballo:** Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade cofinanciados polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2006 (DOG de 31 de marzo)
**Consellería de Traballo:** Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2006. (DOG de 31 de marzo)
**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se establecen as bases que rexen as axudas para actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria.(DOG de 6 de abril)
**Servizo Galego da Promoción da Igualdade do Home e da Muller:** Resolución pola que se regulan as bases para a concesión da axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e se procede á súa convocatoria. (DOG de 6 de abril)
**Ministerio de Educación e Ciencia**: Resolución pola que se dá publicidade ao Convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación de diversos programas de apoio a centros de educación primaria e secundaria (plan proa). (BOE de 26 de abril)

## OUTRAS CONVOCATORIAS

**Ofertas de emprego de** cimo emprego

**Para contactar**: www.cimoemprego.com ou chamando ao 902116039 ou 988391525

**Oferta nº**: 955355 **Localidade**: Ourense **Posto**: Animador/a de ocio e tempo libre. Empresa de animación precisa persoal para traballar en festas infantís e campamentos. Con coñecementos de actividades lúdicas. Necesaria experiencia mínima de seis meses. Con carné de conducir B e vehículo propio.

**Oferta nº**: 955356 **Localidade**: Ourense **Posto**: Animador/a de ocio e tempo libre. Empresa de animación precisa persoal para traballar en festas infantís e campamentos. Con coñecementos de actividades lúdicas. Necesaria experiencia mínima de seis meses. Con carné de conducir B e vehículo propio.

**Oferta nº**: 954123 **Localidade**: A Coruña **Posto**: Animador/a. Para traballar realizando actividades de animación e promoción de produtos para unha empresa multinacional. Valoran experiencia na realización de animación con nenos e dinámicas de grupo. Traballo a tempo parcial, os venres e sábados. Ata 30 anos.

**4ª EDICIÓN DOS PREMIOS EDUCACOMPOSTELA**
**Convoca:** Concello de Santiago de Compostela e Nova Escola Galega.
**Obxecto:** Premiaranse os recursos educativos en prol da innovación, a calidade e a renovación pedagóxica.
**Dotación:** 1º premio: 1.200 €. 2º premio: 900 €. 3º premio: 600 €.
**Prazo**: 30 de xuño.
**Información**: http://www.santiagodecompostela.org/imxd/avisos /doc/1139399305IV_BASES_EDUCACOMPOSTELA_06.pdf

**I CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS SOCIAIS**
**Convoca:** Obra Social Caixa Galicia.
**Obxecto:** Axudas a proxectos sociais realizados por Organizacións Non Lucrativas de Acción Social que traballan por mellorar a calidade de vida e a integración social e laboral dos colectivos de persoas máis vulnerables.
**Dotación:** A convocatoria está dotada con un millón de euros. A solicitude presentada por cada entidade non superará os 30.000 €, pero no caso de federacións ou confederacións de asociacións, este importe poderá elevarse ata os 60.000 €.
**Prazo**: 2 de xuño.
**Información**: www.socialia.org

Subvenciona: XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Dirección Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de: cimo emprego